

ACTA DA XUNTA EXTRAORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 10 DE OUTUBRO DE 2018

Asistentes:

Presidenta

Reboreda Morillo, Susana

Secretaria

Cadilla Lomba, Josefina T.

PDI

Castro Pérez, Ladislao

Juana López, Jesús de

Prada Rodríguez, Julio

Valín Fernández, Alberto

PDI contratado

Domínguez López, Ángel

Estudantes

Alejandro Ojea, Mónica

Galiña Lorenzo, Juan Manuel

García Cabo, Manuel

López Verísimo, Rubén

Rodríguez Álvarez, Lucía

Alumnado 3º ciclo

Souto Castro, Iria

PAS

Rodríguez Bouzas Josefa

Desculpan a súa ausencia:

Vicedecano

Adolfo Fernández Fernández

PDI

Barriocanal López, Yolanda

Comendador Rey, Beatriz

López Díaz, María

Uña Álvarez, Elena de

Na sala de profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Xunta de Facultade que figuran á marxe, o mércores 10 de outubro de 2018, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar o seguinte punto da orde do día:

1.- Debate e aprobación, se procede, da proposta formulada pola Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín para que a Facultade de Historia xestione o *Premio Xesús Taboada Chivite*.

A decana pasa a dar lectura dos nomes dos membros da Xunta de Facultade que xustifican a súa ausencia á sesión, e que se relacionan á marxe desta acta.

1.- Debate e aprobación, se procede, da proposta formulada pola Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín para que a Facultade de Historia xestione o *Premio Xesús Taboada Chivite*

Explica a presidenta que nesta semana é preciso tomar un acordo en relación á proposta formulada pola Mancomunidade de municipios da Comarca de Verín, responsable do premio Xesús Taboada Chivite, que ten como obxectivo

promover traballos de investigación científica nos ámbitos da arqueoloxía, a antropoloxía e a historia. A citada Mancomunidade solicita a axuda da Facultade de Historia para xestionalo, os cometidos serían: revisar as bases do concurso, proporcionar o xurado e fallar do premio. A cambio, ben o Departamento de Historia, Arte e Xeografía, ou ben a través dos grupos de investigación, se recibiría a cantidade de 6.000 €.

No suposto de que a facultade se fixera cargo desa xestión non se podería presentar ningún membro da comunidade universitaria da Facultade. Este é un requisito parece que, indispensable, para que a Universidade de Vigo nos permita asumir ese encargo.

Comeza un turno de intervencións que se detallan a continuación:

O profesor Julio Prada indica que se isto vai ter continuidade non ve claro limitar o dereito do alumnado, porque considera que as bases son discriminatorias.

O profesor Jesús de Juana comenta que se trata dun premio que en ocasións deu problemas, chegando incluso unha persoa a denunciar á mancomunidade.

A decana explica que se trata dun requisito imposto desde a OTRI e a vantaxe principal é que esta xestión daría máis visibilidade ao centro.

A profesora Beatriz Vaquero, comenta que podería ser prexudicial porque hai traballos do alumnado que pola súa temática poderían presentarse.

O alumno Juan Manuel Galiña, manifesta o seu desacordo con que o alumnado non se poda presentar ao premio.

O profesor Jesús de Juana pregunta se sería o decanato o que se encargara da xestión. A decana responde que se encargaría da coordinación, pero sería interesante que houbera un membro de cada área e se compartira responsabilidade. Reitera que se trata dun encargo novidoso dunha institución, que manifesta que a sociedade conta con nós e que hai unha remuneración económica, situación que non soe ser habitual, por exemplo coas peticións de informes.

O profesor Julio Prada coincide coa decana nos aspectos positivos implícitos na actividade, pero insiste en manifestar o seu desacordo en relación a que as incompatibilidades que debe ter o concursar a dito premio deberían ser as que establece a lei de procedemento administrativo, que é a norma que regula quen se debe abster de intervir, afirma que non entende que se deba privar ao alumnado do centro de participar.



Por asentimento conclúese que de manterse esa condición, non se asumirá o encargo, alegando que as cautelas de abstención ao concurso son as que establece a lei de procedemento administrativo, sen que deste xeito se teña que excluír a toda a comunidade universitaria vinculada ao centro.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.25 h do día 10 de outubro de 2018, da que eu como secretaria , dou fe co visto e praxe da decana.

A decana

A secretaria

Susana Reboreda Morillo

Josefina Cadilla Lomba